





Protocolos

Facultade de Bioloxía



 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE BIOLOXÍA	PROTOCOLOS DE INFORMES, MÉTODOS E ENQUISAS DE CENTRO	
	VERSIÓN 02	Páxina 1 de 18

ENQUISA PROPIA DE PERFIL DE INGRESO A ESTUDOS DE GRAO

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupos de interés	Alumnado de primeiro curso do Grao
Métodoloxía	Enquisa ao alumnado de primeiro no acto de presentación
Motivación:	É necesario poder coñecer cal é o perfil de acceso ao Grao en referencia ao rendemento académico na proba de acceso á universidade e no bacharelato (materias, notas, etc.). O coñecemento desta información permitirá recoñecer carencias formativas, e será a base dos programas formativos e de reforzo dos estudos. Dada a alta taxa de abandono comprender, cando non somos a primeira opción, cal foi ista.
Calendario de elaboración:	A principios de setembro, a enquisa pásase e recóllese no acto de acollida aos correspondentes estudos de Grao.
Contido:	A enquisa que se amosa a continuación.

ELABORADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía
Data aprobación: 28/04/2021

ENQUISA PROPIA DE PERFIL DE INGRESO A GRAO

- 1) Nota da ABAU de acceso ao Grao de :
- 2) Materias cursadas en Bacharelato (contesta Si/Non no espazo adxacente):

Bioloxía e Xeoloxía	
Física e Química	
Matemáticas I	
Bioloxía	
Química	
Xeoloxía	
Física	
Matemáticas II	
Ciencias da Terra e do Medio Ambiente	

- 3) Materia obrigatoria de modalidade da que te examinaches na ABAU? (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

- 4) Que materias escolliches para a fase específica da ABAU? (inclúe a nota que obtiveches, se te acordas ou a podes consultar, na paréntese):

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

.....(.....)

- 5) Cal foi a túa orde de prelación dos graos que escolliches e en que universidade?

Opción	Grao	Universidade
Primeira		
Segunda		
Terceira		
Cuarta		

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

ENQUISAS DE MATERIAS

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Coordinador/a de Grao / Coordinador/a de Máster
Grupos de Interés	Alumnado de Grao do Centro
Metodoloxía	Enquisa
Motivación:	É necesario poder coñecer a opinión dos alumnos para as distintas materias respecto ao cumprimento da programación docente e á súa planificación, do sistema de avaliación, da utilidade das diferentes actividades e do nivel de solapamento con outras materias do Grao. Do mesmo xeito comprender se o traballo non presencial se axusta ou non aos créditos ECTS.
Calendario de elaboración:	A enquisa faise despois do primeiro cuadrimestre e ao remate do segundo cuadrimestre. Cos datos elabórase un informe de coordinación.
Contido:	<p>As preguntas da 1 á 8 serán contestadas de 1 (valor mínimo) a 3 puntos(valor máximo), contestando co valor 0 cando non procede.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma. 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido. 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso. 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia. 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia. 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia. 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel impartido nas aulas. 8.- A docencia da materia mellora a miña formación. 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que cres que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto) 10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

INFORMES DE DIFERENCIAS DO RENDEMENTO ACADÉMICO ENTRE GRUPOS DA MESMA MATERIA

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupo de interés	Alumnado e Profesorado de Grao
Metodoloxía	Recollida e análise de información (Xescampus e ACMP)
Motivación:	É necesario coñecer cando, por ter diferente profesorado, se orixinan diferenzas de rendemento académico entre grupos da mesma materia, co fin de corraxilo e de que todos os alumnos/as teñas as mesmas oportunidades.
Calendario de elaboración:	O informe faise cando remata o período lectivo das materias do primeiro cuadrimestre, para tomar medidas para as materias deste cuadrimestre de cara ao exame da segunda oportunidade, e cos resultados da segunda oportunidade de todas as materias de cara ao vindeiro curso.
Contido:	<p>Sempre que exista máis dun grupo de clases expostivas farase a seguinte análise.</p> <p>Para valorar o porcentaxe de non presentados: i) primeiro calcúlanse as diferenzas das porcentaxes de alumnos non presentados entre os grupos da mesma materia, para aquelas materias nas que un profesor imparte nos dous grupos; ii) calcúlase para estes valores (os correspondentes ao curso analizado e todos os anteriores de xeito acumulativo) o percentil do 99%; iii) Compárase, para cada materia, as diferenzas das porcentaxes de alumnos non presentados entre os grupos co valor do percentil obtido.</p> <p>EN canto as diferenzas das distribución de calificación, nunha inmensa maioría dos casos as distribucións das notas dos diferentes grupos non teñen unha distribución normal polo que se decidiu empregar un test non paramétrico para a comparación das distribución dos dous grupos de docencia (por exemplo o test da U de Mann-Whitney).</p>

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

Neste informe inclúese a análise das materias nas que se atopan diferenzas e unha táboa que contén a seguinte información para cada materia:

Materia/Grupo	Cuatrimestre	Presentados	No presentados	% No Presentados	%aprobados presentados	%aprobados	Diferencia % de NP	Mediana	U_MW	Profesores Expositivas
---------------	--------------	-------------	----------------	------------------	------------------------	------------	--------------------	---------	------	------------------------

Táboa 1. Inclúense para cada materia os alumnos presentados, os non presentados e a súa porcentaxe, a porcentaxe de aprobados dos alumnos presentados e a porcentaxe de aprobado dos alumnos matriculados. Inclúese igualmente as diferenzas na porcentaxe de alumnos non presentados (NP) resaltando en vermello os que superan o percentil do 99% da distribución das materias cun único profesor (porcentaxe calculada, p.e. 14,5%), a mediana e o valor da probabilidade do test da U de Mann-Whitney.

Cando se atopan diferenzas estas son trasladadas os departamentos xunto con suxerencias para evitar as diferenzas (división da docencia por bloques en vez de grupos, exame único para os diferentes grupos, mellora na coordinación, etc.).

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021


INFORME SOBRE MATERIAS CON BAIXA TASA DE SUPERACIÓN RECURRENTE

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupo de interés	Alumnado e Profesorado
Metodoloxía	Recollida e análise de información (Xescampus e ACMP)
Motivación:	<p>Na memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Bioloxía pola USC inclúese como resultado previsto unha taxa de graduación do 60%. A taxa de graduación (IN37 C-S01- PM-01) é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada. As taxas de gradación da licenciatura en Bioloxía da USC chegaron a superar nos últimos cursos da licenciatura o 40% (p.e. cursos 1999/00 e 2000/01), e a dos másteres impartidos na Facultade son superiores ao 80%. Con todo, as correspondentes aos primeiros anos da impartición do Grao distan moito do 60%, xa que no curso 2013/2014 foi do 33,6%; mellorando un pouco no curso 2014/15 ao alcanzar o 39,04% e no 2015/16 chegando ao 45,39%. Esta taxa segue sendo moi baixa e é necesario realizar un estudo das causas que poden incidir neste valor tan baixo.</p> <p>En referencia ao anterior, no Informe da Renovación da Acreditación do Grao comunicóusenos a seguinte apreciación: "Os valores alcanzados nos resultados do título para a taxa de rendemento e a taxa de eficiencia correspóndense cos previstos na memoria de verificación. Con respecto á taxa de gradación foi aumentando desde o 34% ata o 45% pero non se alcanzou en ningún curso o valor previsto na memoria de verificación".</p>
Calendario de elaboración:	O informe faise en setembro.
Contido:	Trátase dun criterio para a detección das materias que, de forma recorrente, se atopan entre as que contan con menores

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

 FACULTADE DE BIOLOXÍA	PROTOCOLOS DE INFORMES, MÉTODOS E ENQUISAS DE CENTRO	
	VERSIÓN 02	Páxina 7 de 18

	<p>taxas de aprobados nas titulacións. Deste xeito este criterio funciona, a modo de alarma temperá, para poder corraxir as desviacións dalgunhas materias respecto das porcentaxes de superación das mesmas correspondentes ao Grao. Este criterio consiste en obter valores inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias desde que se empezou a impartir a titulación) dous anos consecutivos. O informe presentará a lista destas materias para cada curso académico.</p>
--	--

ELABORADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía
Data aprobación: 28/04/2021

INFORME DE ASIGNATURAS SUSPENSAS POLAS QUE OS ALUMNOS NON DEFENDEN O TRABALLO FIN DE GRAO

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Grupo de interés	Alumnado e Profesorado
Metodoloxía	Recollida e análise de información (Xescampus e ACMP)
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Motivación:	<p>A taxa de graduación (IN37 C- S01- PM-01) defínese como: “a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada”. Na memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Bioloxía pola USC inclúese como resultado previsto unha taxa de graduación do 60%. As taxas de gradación da Licenciatura en Bioloxía da USC chegaron a superar nos últimos cursos da Licenciatura o 40% (p.e. cursos 1999/00 e 2000/01), e a dos másteres impartidos na Facultade superior ao 80%. Con todo, as correspondentes aos primeiros anos da impartición do Grao distan moito do 60%, xa que no curso 2013/14 (ano de explotación e referida ao comezo de curso no ano 2009/10) foi do 33,6%, aumentado nos cursos posteriores a un 39,04 e un 45,39%. Esta taxa é moi baixa e é necesario realizar un estudo das causas que poden incidir neste valor tan baixo. Esta desviación da previsión inicial supuxo que, no “INFORME PROVISIONAL DE AVALIACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN”, recibamos a seguinte valoración durante o proceso de acreditación: “Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento Valoración: C - Alcánzase parcialmente Aspectos que deben ser obxecto de elaboración dun plan de melloras: [... Con respecto á taxa de graduación foi aumentando desde o</p>

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía


Data aprobación: 28/04/2021

	<p>34% ata o 45% pero non se alcanzou en ningún curso o valor previsto na memoria de verificación.] [...Débese realizar unha análise sobre a evolución destes valores e propoñer accións de mellora para incrementar os ... devanditos resultados, en particular, para a taxa de graduación ...]. [A duración media dos estudos aumentou progresivamente alcanzando unha taxa de 4,84. Débese realizar unha análise da súa evolución e propoñer accións de mellora.]</p> <p>A finalización dos estudos ven marcada pola defensa do Traballo Fin de Grao (TFG). Por esta razón parece lóxico coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a lectura do TFG, de forma que a duración dos estudos se alonga e, por tanto, diminúe a taxa de graduación e aumenta a duración media dos estudos. Obviamente o problema é máis complexo e no mesmo inciden a porcentaxe de alumnos/as que superan cada materia, xa que o número de alumnos/as que chegan a matricularse de TFG no ano que lles corresponde é extremadamente baixo.</p>
<p>Calendario de elaboración:</p>	<p>O informe se fai en outubro.</p>
<p>Contido:</p>	<p>Estúdanse as materias nas que se repite matrícula xunto co TFG, para os alumnos/as repetidores do mesmo. Só se tiveron en conta materias necesarias para defender o TFG (algúns alumnos/as matricúlanse de materias optativas cando repiten para ampliar a súa formación; estas materias non son necesarias para a súa graduación e deixáronse fóra deste estudo). Nalgunhas ocasións os alumnos/as que necesitan unha única optativa para completar os créditos matriculáronse de dúas delas (para ampliar a súa formación e seguramente para asegurar o aprobado nunha das mesmas). Ao non poder discernir cal destas é a necesaria incluíronse as dúas materias.</p>

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

 USC <small>UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</small> FACULTADE DE BIOLOXÍA	PROTOCOLOS DE INFORMES, MÉTODOS E ENQUISAS DE CENTRO	
	VERSIÓN 02	Páxina 10 de 18

INFORME DO EQUIPAMIENTO DE PRÁCTICAS

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupos de Interés	Profesorado, alumnado e PAS
Metodoloxía	Inventario
Motivación:	Compre expoñer de xeito público o material e equipamento de prácticas co que contan os laboratorios para desenvolver as actividades prácticas da titulación, así como do material que se dispón para as prácticas de campo.
Calendario de elaboración:	O informe faise en xullo.
Contido:	Inventario actualizado do material e equipamento, a súa ubicación e o seu estado de conservación.

ELABORADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía
Data aprobación: 28/04/2021

INFORME DOS RECURSOS BIBLIOGRÁFICOS

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro / Director/a da Biblioteca do Centro
Grupos de Interés	Profesorado, alumnado e PAS
Metodoloxía	Inventario
Motivación:	Compre expoñer de xeito público os fondos bibliográficos específicos para as titulacións impartidas no centro.
Calendario de elaboración:	O informe faise en xullo.
Contido:	O informe incluírá os valores das porcentaxes da bibliografía recomendada na guías docentes e incluídas nos fondos da Biblioteca da Facultade de Bioloxía. O número de exemplares desta bibliografía está dispoñible <i>online</i> . No caso de existir demanda de compra de manuais por algún docente, o informe incluírá o uso dos libros demandados (nº de préstamos fóra de sala) que permite tomar decisións sobre a súa adquisición.

ELABORADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía
Data aprobación: 28/04/2021

MÉTODOS DE INTERVENCIÓN SOBRE O ALUMNADO EN RISCO POTENCIAL DE ABANDONO DOS ESTUDOS DO GRAO

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupos de Interés	Alumnado de primeiro ano do Grao
Metodoloxía	Contacto a través do alumnado_titor
Motivación:	<p>De acordo cos informes trasladados pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, os abandonos do alumnado nos Graos concéntranse principalmente no primeiro ano, por mor de eleccións inadecuadas, escaso rendemento académico, imposibilidade para superar o mínimo de créditos, etc. De acordo coas Normas e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo de Educación Superior Europeo, os sistemas de garantía de calidade deben orientarse primordialmente a garantir a aprendizaxe, o ensino e a avaliación centrada no alumnado, para o que deberían implementarse no seu deseño aqueles procesos conducentes á mellor acollida e orientación do alumnado.</p> <p>Consecuentemente e a efectos de minimizar non só as taxas de abandono durante o primeiro curso, senón de prever este abandono do alumnado en cursos superiores (a máis diso favorecer a integración discente que repercute no incremento dos niveis de rendemento académico), desde a Comisión de Calidade de Centro propónse o seguinte protocolo polietápico descrito a continuación.</p>
Contido:	1. Detección de situacións de abandono potencial a través do “Informe de abandono potencial”: elaborado pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, desenvolve unha análise exhaustiva do alumnado das titulacións de Grao do Centro que ou ben non superou ou ben non se presentou a ningunha materia do primeiro semestre.

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

2. Detección de situacións de abandono potencial na aula: unha segunda vía de coñecemento de situacións de abandono potencial provén do seguimento da Coordinación do Grao, de curso e das materias, así coma do profesorado ou do alumnado das titulacións de Grao do Centro.

3. Activación do protocolo por parte da Comisión Académica: unha vez analizada a información reflectida no “Informe de abandono potencial” elaborado pola área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, ou estimadas as apreciacións a este propósito por parte da Coordinación do Grao, o profesorado ou o alumnado das titulacións de Grao do Centro, a Comisión decidirá a activación do Protocolo de Intervención, delegando as primeiras xestións na Coordinación do Grao.

4. Contacto persoal ou telemático co alumnado afectado: a instancias da Comisión de Título, será a Coordinación de Grao ou de Curso quen contactará discretamente co alumnado potencialmente afectado. Aínda que debería primarse o contacto persoal, naqueles casos de disrupción no seguimento presencial das clases, xustifícase o emprego do correo electrónico facilitado polo alumno/a á Universidade, ofrecéndolle apoio e orientación, ademais da posibilidade dunha asistencia máis próxima a través do Alumnado-Titor.

5. Contacto telefónico co alumnado afectado: tras un prazo prudencial sen resposta, poderá contactarse telefonicamente coa alumna/o. É moi importante que este contacto sexa paulatino e respectuoso, procurando conciliar o inalienable dereito á intimidade do alumnado coa inescusable obrigaón asistencial por parte do profesorado da Facultade. Por outra banda, é importante lembrar o feito de que o Alumnado-Titor só poderá intervir a instancias do alumnado afectado, cando así o formule explicitamente e durante o lapso e o modo que estime convenientes.

6. O rol da Coordinación do Grao e de Curso: será competencia dos/ as Coordinadores/as do Grao o seguimento do alumnado afectado, así como do pautado na coordinación asistencial por parte do Profesorado e do Alumnado-Titor, para favorecer a súa integración nas dinámicas discentes. É posible que nesta fase se requiran servizos da USC alleos á Facultade, a instancias das/dos Coordinadoras/es do Grao, e

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

sempre co visto e prace das Comisións Académica e de Calidade.

7. Situacións de desistencia irrevogable: no caso de que o alumnado afectado persista no seu abandono dos estudos, procurarase solicitar a maior información posible acerca das causas que motivaron a súa decisión, elaborando un breve informe que se trasladará ás Comisións Académica e de Calidade, de cara ao deseño de accións de mellora futuras, así como á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC, retroalimentando así o ciclo iniciado coa súa alerta temperá.

8. Avaliación final do procedemento por parte das Comisións Académica e de Calidade: será competencia de ambas Comisións a avaliación da aplicación do protocolo á vista dos resultados obtidos, así como aquelas propostas coadxuvantes da súa mellora, que haberán de solicitar o visto e prace da Xunta de Facultade, en tanto órgano xerárquicamente superior das dinámicas docentes e discentes do Centro.

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

INFORME DE ABANDONO DE ESTUDIOS

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupos de Interés	Alumando e Profesorado
Metodoloxía	Análise da información obtida en Xescampus e ACMP
Motivación:	<p>Manter unhas taxas de abandono baixas é crucial para cumprir coa memoria para a solicitude de verificación do título de Grao en Bioloxía pola USC, que inclúe como resultado previsto unha taxa de graduación do 60% (a taxa de graduación - IN37 C-S01- PM-01// IN43- S01- PM-01- é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis en relación á súa cohorte de entrada). Se a taxa de abandono é alta é difícil alcanzar un obxectivo ambicioso da taxa de graduación.</p> <p>Por este motivo no presente informe téntase abordar cales son as causas dos abandonos.</p>
Calendario de elaboración:	O informe faise en outubro.
Contido:	<p>O informe incluírá os resultados de accións derivadas da posta en marcha do protocolo sobre a intervención sobre o alumnado en risco de abandono potencial dos estudos de Grao.</p> <p>Así mesmo, informarase do destino dos estudantes que abandonaron, ven pola información conseguida a través do seguimento individual de cada alumno/a en Xescampus (cambio de estudos na USC a outros Graos ou traslado de expedientes) ou ben, e cando sexa posible, polo protocolo sobre a intervención sobre o alumnado en risco de abandono potencial dos estudos de Grao (xa que preto do 50% dos alumnos/as non se poden rastrexar a través de Xescampus).</p>

ELABORADO POR:
Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía
Data aprobación: 28/04/2021

ENQUISA SOBRE O DESENVOLVEMENTO DO TFG

Responsable:	Comisión de Calidade do Centro
Cargo responsable:	Responsable de Calidade do Centro
Grupos de interese	Alumnado e profesorado
Motivación:	É necesario poder coñecer a opinión do alumnado sobre o desenvolvemento do TFG, tanto en relación ao papel do/a titor/ra e do estudante, a cuestións administrativas e/ou académicas, e a adquisición de competencias durante a realización do mesmo. O coñecemento desta información permitirá recoñecer dificultades, si existiran, e buscar solucións as mesmas.
Calendario de elaboración:	O alumnado cubre a enquisa unha vez finalizado o TFG. Cos datos elaborárase un informe.
Contido:	A enquisa que se amosa a continuación.

ENQUISA SOBRE O TRABALLO FIN DE GRAO (GRAO EN BIOLOXÍA)

CURSO ACADÉMICO E CONVOCATORIA: **Curso**

TIPO DE TFG: Bibliográfico Investigación Outros, especificar ,

.....

NS/NC (0), MOI DEFICIENTE OU TOTALMENTE EN DESACORDO (1), NORMAL OU TÉRMO MEDIO (2), EXCELENTE OU TOTALMENTE DE ACORDO (3)

	0	1	2	3
SOBRE O TFG E O PAPEL DO/A TITOR/A				
Os obxectivos do TGF estaban ben definidos e en consonancia cos coñecementos e as competencias do Grao en Biología				
A accesibilidade do/a titor/a foi adecuada				
O/ titor/a asesoroume en todas as etapas da realización do TFG: elección de métodos ou estratexias, identificación/planificación de tarefas, resolución de problemas técnicos, obtención de datos, análises, realización de memoria e fase de defensa				
Os recursos instrumentais e económicos para realizar o TFG foron suficientes para cubrir os obxectivos marcados				

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Biología

Data aprobación: 28/04/2021

Nas actividades realizadas no campo e/ou no laboratorio estiven acompañado polo titor/a ou por algún membro do equipo				
SOBRE CUESTIÓNS ADMINISTRATIVAS E/OU ACADÉMICAS				
A información pública existente sobre a oferta de TFG é suficiente e está expresada claramente.				
A oferta de TFGs é diversa e inclúe temas das distintas áreas de coñecemento				
A información contida na web ou a atención (e información) recibida a través do persoal administrativo en canto a trámites (normativa, prazos, documentos a entregar, etc) ou resolución de dúbidas relativas ao TFG foi adecuada e con antelación suficiente				
A atención (e información) recibida polo/a coordinador/a do TFG do Grao de Bioloxía relativos ao TFG foi adecuada				
Durante o TFG servíronme de utilidade os coñecementos adquiridos no Grao en Bioloxía				
SOBRE O PAPEL DO/A ESTUDIANTE NO TFG				
Excluíndo o dedicado ás materias obrigatorias e optativas do Grao, o resto do tempo dediqueime en exclusiva á realización do meu TFG				
Tiven un elevado grao de autonomía durante a realización do TFG				
Mantiven informado ao titor/a sobre o progreso do TFG e deixei constancia por escrito das miñas actividades no grupo				
O TFG realizado axústase aos créditos que se lle recoñecen				
A realización do TFG mellorou a miña formación e capacitación como biólogo/a				
Globalmente estou satisfeito có TFG que realicei				
Cualifica o nivel de esforzo e dedicación que che esixiu o teu TFG: 0, NS/NC; 1, baixo; 2, medio; 3, alto				
Cualifica o número de horas de traballo que che esixiu o TFG: 0, NS/NS; 1, < 6 ECTS; 2, ≈ 6 ECTS; 3, > 6 ECTS				

EN RELACIÓN ÁS COMPETENCIAS TRANSVERSAIS, VALORA O SEU GRAO DE POSTA EN PRÁCTICA:				
Capacidade de análise e síntese				
Capacidade para o razoamento e a argumentación				
Capacidade para traballar en grupo				
Capacidade para obter información axeitada, diversa e actualizada				
Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible				
Capacidade para realizar unha exposición en público de xeito claro, conciso e coherente				
Compromiso de veracidade da información que ofrece aos demais				
Habilidade no manexo de TICs (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)				
Utilización de información bibliográfica e de Internet				
Utilización de información en lingua estranxeira				
Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos				

ELABORADO POR:

Comisión de Calidade da Fac. de Bioloxía

Data aprobación: 28/04/2021

meus coñecementos				
-------------------	--	--	--	--

OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS, POR ORDE DE PRIORIDADE; tamén podes suxerir preguntas a incluír na enquisa.